

## O CiTIUS organiza a Escola de Verán do proxecto europeo MENELAOS<sup>NT</sup>

venres, 17 setembro, 2021 - 09:29

*O centro acollerá ao longo da semana que vén a Escola de Verán 'MENELAOS<sup>NT</sup> Midterm Summer School (MSS) 2021', un evento que se celebrará en formato mixto (presencial-en liña) no marco do proxecto europeo MSCA ITN MENELAOS<sup>NT</sup>. O encontro transmitirase en directo desde Santiago de Compostela e terá lugar entre o 20 e o 24 de setembro.*



O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela (CiTIUS) acollerá a semana que vén o encontro **MENELAOS<sup>NT</sup> Midterm Summer School (MSS) 2021**, un evento organizado polo centro de investigación da USC que se celebrará en formato mixto (presencial-online) no marco da *Rede Europea de Formación de Doutores MENELAOS<sup>NT</sup>*, un proxecto, no que o CiTIUS participa como socio e está financiado polo prestixioso programa 'Horizonte 2020' ao abeiro dunha axuda MSCA (*Marie Curie Action Marie Skłodowska-Curie Action*).

A Escola de Verán arrincará o vindeiro luns e está organizada polo CiTIUS. Celebrada integramente en inglés, conta cun **programa** de presentacións e relatorios que ilustrarán os últimos avances e desenvolvementos do proxecto MENELAOS<sup>NT</sup>, centrado no campo da fusión de datos multimodais e multisensoriais.

Todas as sesións desenvolveranse entre o 20 de setembro e o 24 de setembro de 2021, Unha semana de posta en común na que se abordarán distintas áreas de traballo, como os novos paradigmas de detección comprimida (unha técnica de procesamento para adquirir e reconstruír eficientemente un sinal), o uso de aprendizaxe profunda *-Deep Learning-* en todos os niveis, o procesamento dos sinais procedentes de sensores, e a minería de información de alto nivel. A información completa desta Escola de Verán está dispoñible na **páxina web oficial de 'MENELAOS<sup>NT</sup> Midterm Summer School (MSS) 2021'**.

Sobre MENELAOS

A *Rede Europea de Formación MENELAOS<sup>NT</sup>*, financiada pola Comisión Europea a través dunha Acción Marie Skłodowska-Curie (MSCA), aborda retos sociais clave, aplicando novas tecnoloxías para realizar a fusión de datos multimodais e multisensoriais para combinar de xeito óptimo a información proporcionada por diferentes sensores (*in situ/remotos, ópticos/non ópticos, etc*), a diferentes escalas, con diferentes resolucións e distinto nivel de fiabilidade.

MENELAOS<sup>NT</sup> reúne a 7 membros diferentes de 4 países distintos (Alemaña, España, Romanía e Turquía), entre os que atopan institucións de investigación, universidades e empresas, así como varias organizacións de distintos puntos de Europa. Xuntos, todo estes actores forman unha rede cunha ampla experiencia no campo da teledetección, a fabricación de sensores e o procesamento de sinais.

As persoas interesadas en participar nesta escola de verán deberán porse en contacto coa organización enviando un correo electrónico á seguinte dirección: **[menelaos\\_nt\\_summerschool@usc.es](mailto:menelaos_nt_summerschool@usc.es)**